

recreativas, dirixidos ao conxunto dos cidadáns e dedicando unha especial atención ás actividades levadas a cabo por grupos de exclusión social e colectivos marxidados, diminuídos físicos e sensoriais, ao deporte escolar, así como ás prácticas deportivas que fomenten a participación e integración das persoas da terceira idade.

4. O padroado inicial da fundación está formado por Cipriano Augusto Gomes Esteves como presidente; María Josefina González Dafonte, en representación da mecantil *Auriensport, Xestión e Explotacións Deportivas, S.L.*, como vicepresidenta; Claudino Mateo Covela como director xeral; Antonio Secundino Nieto Garrido en representación da asociación Escola de Kick Boxing Cipri Gómez como vogal, e Alfredo Fernández Pérez como secretario non patrón.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese deportivo da *Fundación Cipri Gomes*, conforme as materias que constitúen o seu obxecto fundacional.

6. Na escritura de constitución consta a identidade dos fundadores, a dotación inicial, os estatutos e a identificación dos membros do padroado.

7. De conformidade co artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e segundo proposta da comisión de secretarios, procede a súa clasificación como de interese deportivo e a súa adscrición á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

#### Consideracións legais:

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia establece competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. A escritura de constitución da fundación contén os datos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

3. Segundo establece o artigo 7 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, corresponde á consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá as funcións de protectorado.

De conformidade co exposto, e considerando que se cumpren as condicións establecidas pola normativa vixente en materia de fundacións de interese galego, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de secretarios xerais na súa reunión do día 5 de xullo de 2010,

#### DISPOÑO:

Clasificar de interese deportivo a *Fundación Cipri Gomes* e adscribirla ao protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con carácter potestativo pódese interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Corrección de erros.-Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se convocan cursos de linguaxe xurídica galega (niveis medio e superior) para persoal ao servizo da Administración de xustiza e outros colectivos relacionados coa xustiza, que presten servizos dentro da comunidade autónoma.*

Advertida omisión no anexo da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 144, do xoves 29 de xullo de 2010, procede facer a oportuna corrección:

-Na páxina 13.846, onde di: «Director xeral de Xustiza. Santiago de Compostela», debe dicir: «Director xeral de Xustiza. Santiago de Compostela. Fax: 981 54 62 15/01».

*Resolución do 19 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle, no seu artigo 27.22º, a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte. O Decreto 82/2009, do 21 de abril, establece os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e crea a Secretaría Xeral para o Deporte, á cal corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes.

Mediante as axudas económicas ou subvencións que se aproban nesta orde, preténdese a colaboración da Administración autonómica coas entidades deportivas sen ánimo de lucro na adquisición dos

equipamentos precisos para o axeitado desenvolvemento da práctica deportiva.

Os aspectos máis destacados da acción programada contéñense nas bases que regulan o réxime de outorgamento das subvencións, nas cales se identifica con claridade os beneficiarios e as actuacións subvencionables, para establecer posteriormente os trámites esenciais do procedemento administrativo, así como os requisitos para a xustificación da realización do obxecto da subvención.

No procedemento destaca a intención de facilitar ao máximo o contacto dos potenciais beneficiarios coa Administración autonómica, finalidade que explica a intervención dos servizos de deportes nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

O outorgamento das subvencións será efectuado baixo estritos criterios obxectivos que se explicitan con suficiente detalle no artigo 9 das bases reguladoras das subvencións.

Nos orzamentos xerais da Secretaría Xeral para o Deporte existe crédito adecuado e suficiente para as axudas que son obxecto desta convocatoria.

En virtude do exposto, e en exercicio das facultades que me foron conferidas,

#### **DISPOÑO:**

##### *Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Secretaría Xeral para o Deporte ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos.

2. Ademais, por medio desta orde, convócanse as ditas subvencións para o ano 2010.

##### *Artigo 2º.-Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións, deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, á cal se xuntarán os documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras. Deberá presentarse unha única solicitude por cada posible beneficiario. A súa presentación implica o compromiso de someterse ás normas reguladoras da subvención establecidas nesta orde.

2. Lugar e prazo de presentación de solicitudes e corrección de deficiencias.

As solicitudes (anexo II) dirixiranse aos servizos provinciais de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos seguintes enderezos:

Servizo Provincial de Deportes da Coruña: praza de San Agustín Díaz, 1, 15008 A Coruña.

Servizo Provincial de Deportes de Lugo: edificio administrativo rolda da Muralla, 70-1º, 27071 Lugo.

Servizo Provincial de Deportes de Ourense: avda. da Habana, 79-4ª planta, 32004 Ourense.

Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra: rúa Fernández Ladreda nº 43-5º, 36003 Pontevedra.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. A Secretaría Xeral para o Deporte velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tratamento do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Secretaría Xeral para o Deporte revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral para o Deporte, Estadio Multiusos de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela, e indicando no sobre ou no asunto do escrito «Dereitos LOPD-Servizo de Contratación e Xestión Económica».

5. Recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polos servizos provinciais de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, co obxecto de comprobar que se encontran debidamente cubertas e suficientemente documentadas. En caso contrario, requirirán o solicitante para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles proceda a emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, se non o fixer así, se terá por desistido da súa petición, logo da adopción da oportuna resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Realizadas as operacións anteriores as solicitudes serán enviadas á comisión avaliadora constituída na Secretaría Xeral para o Deporte, cunha proposta de

avaliación consonte os criterios contidos no artigo 9º das bases reguladoras.

Artigo 3º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

O secretario xeral para o Deporte poderá ditar as resolucións e instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución desta resolución.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2010.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

#### *ANEXO I*

**Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos**

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto as axudas destinadas para a adquisición de equipamentos deportivos para as entidades deportivas sen ánimo de lucro.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Actuacións subvencionables.

Só resultará susceptible de ser subvencionada a adquisición de equipamento deportivo inventariable, para ser destinado á participación en competicións deportivas ou á realización de adestramentos. Cada solicitude deberá reflectir a adquisición dun único equipamento, que poderá estar formado por un único elemento, ou por varios no caso en que se entenda que é necesaria a adquisición de varios elementos para poder desenvolver unha tarefa de adestramento e/ou competición.

Non serán obxecto de subvención as adquisicións que consistan en equipacións deportivas, balóns e pequeno material de análogas características.

Naqueles deportes en que resulte esencial para a súa práctica, sexa na fase de competición, adestramento ou para realizar traslados habituais de equipamento, poderá ser obxecto de subvención a adquisición de vehículos axeitados ou de elementos complementarios a estes (remolques e bacas).

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións que se convocan por medio desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.441.781.0, ata a contía máxima que se detalla seguidamente:

Aplicación orzamentaria	2010	Total
04.60.441.781.0	1.000.000 €	1.000.000 €

2. O investimento na adquisicións de equipamento deportivo inventariable poderá acadar a cantidade máxima de 24.000 € máis IVE.

3. O importe máximo susceptible de ser subvencionado pola Secretaría Xeral para o Deporte en cada actuación non poderá exceder as porcentaxes reflectidas no punto 3 do artigo 9º. Estes cálculos serán efectuados sobre os importes do investimento total consignados na correspondente solicitude (excluído o IVE), sen que estes poidan experimentar modificación ningunha por razón do importe da subvención finalmente outorgada.

4. Para o caso de que, como consecuencia de incidencias producidas, as subvencións outorgadas non sexan aceptadas ou que posteriormente se renuncie a elas, os créditos que tiveren tal orixe poderán ser reasignados a outros solicitantes, sen necesidade de mediar nova convocatoria pública, despois da proposta formulada para o efecto polo órgano instructor, e entre as restantes solicitudes que, obtendo unha maior valoración, non acadasen a suficiente para seren incluídas na proposta anterior ou inicial.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as seguintes entidades:

-Entidades deportivas (clubs e federacións deportivas galegas), con inscrición vixente como tales no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas da Xunta de Galicia.

-Asociacións dotadas de personalidade xurídica, vinculadas a centros específicos de educación especial ou centros docentes homologados, que desenvolvan actividades deportivas con alumnos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais. Estas asociacións deberán presentar as escrituras públicas de constitución, así como os seus estatutos de funcionamento en que apareza como un dos seus fins a promoción do deporte.

2. Destinarase como máximo un 20% do orzamento total programado nesta subvención ás federacións deportivas.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias sinaladas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As subvencións que se regulan nesta orde son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra

administración ou de ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención. O importe total da axuda non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo final xustificado do proxecto para o cal se concedeu.

*Artigo 4º.-Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica no artigo 2º da convocatoria.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

a) Orzamento detallado do equipamento para o cal se solicita subvención.

b) Certificación do acordo adoptado polo órgano competente da entidade solicitante pola que se aproba a realización da adquisición, así como o orzamento detallado, e se especifican as condicións de financiamento.

c) Memoria xustificativa da necesidade de proceder á adquisición do equipamento deportivo.

d) Memoria de actividades do ano 2009, así como canta información e documentación sexa precisa para permitir a aplicación dos criterios sinalados no artigo 9º desta orde.

e) Proxecto deportivo para o ano 2010.

f) Certificado da federación galega, de ser o caso, que reflecta o número de licenzas, as competicións máis relevantes en que participou a entidade no ano 2009 e o número de deportistas da entidade recoñecidos como DGAN (anexo V).

g) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvencións efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados (anexo III).

h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo IV).

i) Certificacións de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

j) Escrituras de constitución das asociacións e os seus estatutos de funcionamento.

*Artigo 5º.-Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. Conforme o establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 20.3º da

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os documentos exixidos que xa estean en poder da Administración actuante non deberán ser achegados coa solicitude, sempre que con esta se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foi presentada a documentación e que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. Segundo a disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente coa sinatura da solicitude (anexo I) a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, sen prexuízo dos supostos en que a publicidade resulte excluída en virtude do disposto no decreto citado ou norma de rango legal.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta secretaría publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

*Artigo 6º.-Instrución do procedemento.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Poderá tamén requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación,

ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 7º.-*Órganos competentes para a xestión da subvención e para ditar a resolución.*

#### 1. Comisión avaliadora.

A totalidade das solicitudes presentadas será obxecto de detallado estudo por parte dunha comisión avaliadora encargada de valoralas mediante a aplicación dos criterios obxectivos sinalados no artigo 4º.

A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: a subdirectora xeral de Deportes, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-Os xefes dos servizos provinciais de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

-Un técnico deportivo da Secretaría Xeral para o Deporte, designado pola subdirectora xeral de Deportes.

Secretario: o xefe do servizo de Contratación e Xestión Económica da Secretaría Xeral para o Deporte.

#### 2. Órganos competentes para a instrución e o outorgamento.

A Subdirección Xeral de Deportes será o órgano instrutor do procedemento, e elevará proposta de resolución, conforme todo o actuado, ao secretario xeral para o Deporte, quen adoptará a resolución en virtude da cal se outorgarán ou denegarán as subvencións solicitadas, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 119, do 19 de xuño).

Artigo 8º.-*Resolución de procedemento.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data da resolución de concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que poderá ser substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

A proposta de outorgamento da subvención será formulada polo órgano instrutor, á vista dos traballos

levados a cabo pola comisión avaliadora, unha vez aplicado o procedemento descrito a seguir:

1. Puntuación das solicitudes: determinarase atendendo aos seguintes criterios obxectivos de valoración:

1.1. Tipo de equipamento. Obterase unha das seguintes puntuacións. Máximo 20 puntos.

1.1.1. Equipamento de competición e de adestramento específico: 20 puntos.

1.1.2. Equipamento de adestramento non específico: 10 puntos.

1.1.3. Vehículos para o transporte de materiais e de deportistas en modalidades deportivas en que sexa imprescindible o transporte de material específico de competición mediante o emprego dun carro ou o uso de bacas: 20 puntos.

1.1.4. Vehículos para o transporte de deportistas ou materias que non precisen dun carro ou o uso de bacas noutras modalidades deportivas: 10 puntos.

1.1.5. Carros ou outros elementos para o transporte de elementos de competición e de adestramento específico: 20 puntos.

1.1.6. Outro tipo de equipamento non reflectido nos números anteriores: 5 puntos.

No caso de solicitudes que conteñan diferentes tipos de equipamento, obteranse a puntuación correspondente aos elementos con menor puntuación neste número.

1.2. Méritos deportivos da entidade. Máximo 60 puntos.

1.2.1. Memoria de actividades do ano 2009: valoraranse o número e tipo das competicións en que participou a entidade, así como a súa estrutura organizativa: ata 20 puntos.

1.2.2. Proxecto deportivo para o ano 2010: valoraranse as competicións en que participa a entidade, a súa estrutura organizativa, así como a calidade do seu proxecto deportivo: ata 10 puntos.

1.2.3. Número de licenzas de competición de deportistas, no ano 2009; non se terán en conta as licenzas de cursos de promoción da modalidade deportiva correspondente: ata 15 puntos.

1.2.4. Ámbito principal de actuación da entidade en función do ámbito das competicións, nas categorías absolutas e previa á absoluta, en que participou, no ano 2009. A comisión de avaliación poderá empregar diferentes criterios de clasificación para a súa aplicación aos deportes cuxo modelo competitivo único ou principal se desenvolva en sistema de liga respecto dos deportes cuxo modelo competitivo único ou principal non se desenvolva en sistema de liga. Obterase unha das seguintes puntuacións. Máximo 10 puntos.

-Ámbito estatal: ata 10 puntos.

-Ámbito autonómico: ata 5 puntos.

-Ámbito inferior ao autonómico: 0 puntos.

1.2.5. Número de deportistas da entidade con recoñecemento vixente como deportista galego de alto nivel, na data de publicación desta convocatoria: ata 5 puntos.

Neste número 1.2, as federacións deportivas obtarán, nos números 1.2.3 e 1.2.5, a mesma puntuación que o club adscrito á súa federación que obtivese unha maior puntuación nestes mesmos números.

1.3. Axudas recibidas en convocatorias públicas da Secretaría Xeral para o Deporte, para a adquisición de equipamento deportivo. Obterase unha das seguintes puntuacións. Máximo 20 puntos.

1.3.1. Non ter recibido axuda para equipamento deportivo mediante as convocatorias publicadas desde o ano 2007 incluído: 20 puntos.

1.3.2. Ter recibido axuda ou axudas para equipamento deportivo, polo importe total inferior a 3.000 €, mediante as convocatorias publicadas desde o ano 2007 incluído: 10 puntos.

2. Orde de prelación das solicitudes: as solicitudes ordenaranse en función dos puntos obtidos, estando no primeiro lugar a solicitude que acadase unha maior puntuación.

3. Importe subvencionable por solicitude: a cada solicitude aplicaráselle, sobre o orzamento presentado, as seguintes porcentaxes:

3.1. Para o equipamento reflectido nos puntos 1.1.1 e 1.1.2 deste artigo: o 90% do investimento realizado (máis IVE).

3.2. Para outro equipamento: o 70% do investimento realizado (máis IVE).

4. Criterio de adxudicación das axudas: o criterio de adxudicación das axudas atenderá á orde de prelación establecida, adxudicando a cada solicitante o importe que lle corresponda en función do reflectido no número 3 deste artigo, ata esgotar o crédito. A última axuda adxudicada poderá ser menor á que lle correspondería segundo o número 3 deste artigo. As axudas non poderán ser de maior importe que o solicitado pola entidade.

#### Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución definitiva, porase de manifesto aos interesados a proposta de resolución provisional para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. No entanto, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

#### Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao secretario xeral para o Deporte.

2. O secretario xeral para o Deporte, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para a presentación de solicitudes. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido na alínea b) do artigo 59.6º da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

#### Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o secretario xeral para o Deporte no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou priva-

dos, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

-Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

-Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

-Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, se tiveren concorrido na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución da concesión de subvención será adoptado polo órgano concedente desta, previa proposta razoada do órgano instrutor.

#### Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o secretario xeral ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

#### Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que fornecerá canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comuni-

cación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. Os beneficiarios das axudas deberán xustificar a realización das accións subvencionadas antes do día 15 de outubro de 2010. O incumprimento do prazo de xustificación poderá dar lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos nos termos previstos no derradeiro parágrafo do artigo 2º destas bases.

A documentación xustificativa será presentada ante os servizos provinciais de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia que corresponda, quen procederá a comprobar a súa corrección.

Con anterioridade a formular a proposta de pagamento da subvención, unha vez adquirido o equipamento deportivo, poderá levarse a cabo un acto de comprobación do investimento efectuado, ao cal asistirá un representante da Secretaría Xeral para o Deporte e do cal quedará constancia a través da oportuna acta.

2. A xustificación documental da realización da actuación obxecto da subvención estará integrada polos documentos que deseguido se enumeran:

a) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á adquisición, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren os bens de que se trate, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

A elección entre as ofertas solicitadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

b) Facturas xustificativas da adquisición efectuada, debidamente aprobadas por órgano competente, e documentación bancaria acreditativa do pagamento (preferentemente transferencias bancarias).

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución polas distintas administracións públicas competentes ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo III).

d) Certificados acreditativos de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quedarán exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o parágrafo anterior os beneficiarios que se encontren nos supostos previstos no artigo 48.1º da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

### 3. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza da actuación subvencionada. Entre tales gastos poderán ser incluídos os seguintes: prezo dos contratos de adquisición de equipamentos deportivos.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, e debe acreditarse o pagamento a través de documento bancario acreditativo (preferentemente transferencia bancaria).

4. A xustificación deberá comprender a totalidade do investimento ou actuación realizada, e deberá acreditarse o importe, a procedencia e a aplicación dos restantes recursos achegados, xa sexan fondos propios ou outras subvencións.

### Artigo 17º.-Pagamento.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Secretaría ou dos servizos provinciais de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, antes de procederem ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificaren o cumprimento das actuacións subvencionadas.

### Artigo 18º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcial-

mente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 19º.-Control.

1. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Consonte co anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, dos servizos da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

### Artigo 20º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

### Artigo 21º.-Remisión normativa.

En todo o non previsto nestas bases rexerá a normativa xeral en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da norma anteriormente citada, así como polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conxunto normativo en que se establecen os requisitos xerais das subvencións concedidas pola Administración autonómica, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.



ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR945H</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	NOME DO REPRESENTANTE	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.- DATOS DA SOLICITUDE

<b>BENEFICIARIO</b> <input type="checkbox"/> ENTIDADE DEPORTIVA <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DOTADA DE PERSONALIDADE XURÍDICA		
<b>BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN</b> <input type="text"/>		
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA DO SOLICITANTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3.- ACEPTO:

O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e a documentación que se solicite, consentindo expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención recibida, así como ás sancións impostas, no correspondente rexistro público da Xunta de Galicia

4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DETALLADO	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO FEDERACIÓN GALEGA
<input type="checkbox"/> ACORDO DE APROBACIÓN DA ACTUACIÓN	<input type="checkbox"/> ANEXO III
<input type="checkbox"/> MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADQUISICIÓN	<input type="checkbox"/> ANEXO IV
<input type="checkbox"/> MEMORIA ACTIVIDADES 2009	<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN PAGAMENTO OBRIGAS
<input type="checkbox"/> PROXECTO DEPORTIVO 2010	<input type="checkbox"/> ESCRITURA CONSTITUCIÓN ASOCIACIÓN E ESTATUTOS

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 19 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____



## DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

presidente/a

solicitante da axuda da Secretaría Xeral para o Deporte para a adquisición de equipamentos deportivos, en relación a outras axudas solicitadas, tanto concedidas como pendentes de resolución, para un mesmo investimento, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto:

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE:**

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo investimento.
- Si solicitei axuda para este mesmo investimento, coas seguintes resolucións:

<i>ENTIDADE Á QUE SOLICITOU A AXUDA</i>	<i>CANTIDADE SOLICITADA</i>	<i>RESOLUCIÓN</i>		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR UN IMPORTE DE <input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR UN IMPORTE DE <input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR UN IMPORTE DE <input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR UN IMPORTE DE <input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> PENDENTE	<input type="checkbox"/> DENEGADA	<input type="checkbox"/> CONCEDIDA POR UN IMPORTE DE <input type="text"/>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura e selo)

Asdo.:



**XUNTA DE GALICIA**  
SECRETARÍA XERAL PARA  
O DEPORTE

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN PROHIBICIÓNS**

<div style="background-color: #ffffcc; height: 15px; border: 1px solid black;"></div>	
presidente/a	<div style="background-color: #ffffcc; height: 15px; border: 1px solid black;"></div>
solicitante de subvención da Secretaría Xeral para o Deporte para a adquisición de equipamentos deportivos.	
Actuación concreta para a cal solicita a axuda:	
<div style="background-color: #ffffcc; height: 40px; border: 1px solid black;"></div>	
<b>DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:</b>	
que a entidade que represento non está incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que se sinalan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
<p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p>	
(Sinatura e selo)	
Asdo.:	

**CONSELLERÍA DE MEDIO  
AMBIENTE, TERRITORIO  
E INFRAESTRUTURAS**

*Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se aproba inicialmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, se procede á apertura do trámite de información pública e se adoptan medidas cautelares.*

O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, no seu artigo 1 establece que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de

ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade consono o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución española.

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ten como finalidade establecer os obxectivos fundamentais e crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural; un dos seus obxectivos fundamentais é, segundo o seu artigo 3, a compatibilización do proceso de desenvolvemento do sistema produtivo, da